

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a escrita de guións audiovisuais e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT404G).

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, segundo o previsto nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo no CAL a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O obxectivo da Axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores. A Axencia pretende fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega e, ao tempo, aumentar a exportación. Os destinatarios da Axencia son as entidades culturais dedicadas principalmente á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais.

Tal e como establece a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, na súa exposición de motivos «a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa economía. Como manifestación artística e expresión creativa, é un elemento básico da entidade cultural dun país. A súa contribución ao avance tecnolóxico, ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, xunto coa súa achega ao mantemento da diversidade cultural, son elementos suficientes para que o Estado estableza as medidas necesarias para o seu fomento e promoción, e determine os sistemas máis convenientes para a conservación do patrimonio cinematográfico e a súa difusión dentro e fóra das nosas fronteiras. Todo iso considerando que a cultura audiovisual, da que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, se acha presente en todos os ámbitos da sociedade actual».



Con data marzo de 2021 foi aprobado o Plan de impulso ao sector audiovisual «España, Hub audiovisual de Europa», como un dos eixes da Axenda España Dixital 2025, coa finalidade de impulsar a produción audiovisual, a atracción de investimento e actividade económica e o reforzo das empresas e profesionais do sector mellorando a súa competitividade, co reto de incrementar a produción audiovisual nun 30 % para o ano 2025».

Como unha das actuacións vinculadas a este plan, o Pleno da Conferencia Sectorial de Cultura, celebrado o pasado mes de xullo, aprobou a proposta da Comisión Sectorial de Asuntos Culturais na que se determina os criterios de repartición do crédito destinado ás comunidades autónomas, Ceuta e Melilla, para o financiamento de axudas para a creación de guións e desenvolvemento de proxectos.

En cumprimento do acordado no Pleno da Conferencia Sectorial, con data do 13 de novembro de 2023, o director xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais asinou a resolución pola que se transfiren os créditos ás CC.AA. destinados á xestión das axudas á escritura de guións e desenvolvemento de proxectos audiovisuais no ano 2023.

Á vista do anteriormente exposto, a Axencia Galega das Industrias Culturais considera que é necesario afondar no impulso á creación de contidos audiovisuais de calidade que permitan a excelencia dos produtos culturais galegos na procura de poñer en valor a cultura galega, a nosa lingua e a imaxe de Galicia alén do noso territorio.

Con esta finalidade deséñase unha nova liña dirixida a apoiar o sector audiovisual incentivando a escrita de guións de ficción e animación orixinais ou a partir de obras literarias xa existentes, que teñan como destino a produción de longametraxes cinematográficas ou series para televisión.

RESOLVO:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais á escrita de guións audiovisuais. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2024 (código de procedemento CT404G).



2. Segundo establece o Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, os réximes de axuda concibidos para apoiar a elaboración de guións, o desenvolvemento, a produción, a distribución e a promoción de obras audiovisuais serán compatibles co mercado interior segundo ao artigo 107, punto 3, do Tratado, e quedarán exentos da obriga de notificación prevista no artigo 108, punto 3 do Tratado sempre que se cumpran as condicións previstas no propio regulamento, e unha das condicións exixidas é que as axudas se destinarán a un produto cultural, condición imprescindible que se dá na presente convocatoria. De conformidade co artigo 54 do regulamento «co fin de evitar erros manifestos á hora de cualificar un produto como cultural, cada Estado membro establecerá procesos eficaces, como a selección de propostas por unha ou varias persoas encargadas da selección, ou a verificación con respecto a unha lista predeterminada de criterios culturais».

Na presente convocatoria defínense os requisitos para obter o certificado cultural que expide o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) de España, e a fórmula da declaración responsable para acreditar o seu cumprimento.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

Poderán acadar a condición de persoas beneficiarias desta convocatoria:

a) As persoas físicas que poidan acreditar a súa vinculación previa coa realización dunha obra audiovisual ou formación académica no ámbito da creación ou produción audiovisual, ou ben a súa participación en cursos ou obradoiros relacionados coa creación audiovisual e desenvolvan a súa actividade habitual maioritariamente en Galicia. Ademais, non poderán figurar como directores/as ou guionistas de series para TV ou asinar a autoría de máis de dúas longametraxes que figuren cualificadas na base de datos do ICAA para a súa estrea comercial.

b) As persoas físicas (autónomas) que se encontren de alta na epígrafe do IAE 864 no momento de presentar a solicitude, desenvolvan a súa actividade habitual maioritariamente en Galicia e que acrediten ter participado como guionista, cando menos, nunha longametraxe de ficción ou animación ou dunha serie de televisión.

Así mesmo, poderán ser persoas beneficiarias desta subvención as agrupacións de dúas persoas físicas sempre que ambas se poidan encadrar na mesma tipoloxía de persoas beneficiarias descritas nos puntos anteriores e non constitúan personalidade xurídica. De ser o caso, deberán asinar un acordo cuxa finalidade será escribir en réxime de coauto-



ría o proxecto de guiión obxecto desta convocatoria. Este acordo deberá detallar, ademais, cal das dúas persoas actuará como representante con poderes para cumprir as obrigas das persoas beneficiarias, especificar os compromisos de execución por cada membro da agrupación e a porcentaxe de autoría sobre o proxecto que se corresponderá coa porcentaxe de subvención para aplicar por cada unha das partes, segundo se establece no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. *Financiamento*

O importe global máximo para o financiamento da presente convocatoria será de 270.000 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 10.A1.432B.470.0 e 10.A1.432B.480.0 do orzamento de gasto da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2024, código de proxecto 2023 0000 3.

Artigo 4. *Solicitudes*

4.1. Para poder ser persoa beneficiaria da subvención deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 7 das bases reguladoras, cumprir cos requisitos establecidos nos artigos 2 e 4 e ser cualificados conforme os criterios establecidos no artigo 14 das bases reguladoras da subvención. Aquelas solicitudes que sexan presentadas sen consignar os documentos que se consideran obrigatorios nas bases reguladoras non serán admitidas a trámite.

4.2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

As solicitudes serán tramitadas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras e non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 6. Información ás persoas interesadas

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Galega das Industrias Culturais, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Galega das Industrias Culturais:

<http://industriasculturais.xunta.gal>

b) Os teléfonos 881 99 60 77/881 99 60 78.

c) No enderezo electrónico agadic@xunta.gal

d) Persoalmente.

e) Na guía de procedementos e servizos administrativos no enderezo <http://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas físicas e as entidades persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

Artigo 7. Réxime de recursos

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.



Artigo 8. Base de datos nacional de subvencións

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 9. Rexistro Público de Subvencións

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2023

Román Rodríguez González
Presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais

ANEXO I**Bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a escrita de guións audiovisuais, e convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT404G)****Artigo 1. Obxecto, finalidade, réxime e principios de xestión**

1. Estas bases teñen por obxecto determinar as condicións polas cales se regulará a concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais para a escrita de guións audiovisuais, convocadas para o 2024 (código de procedemento CT404G).

2. Con esta convocatoria de axudas, a Axencia Galega das Industrias Culturais quere promover a escrita de guións orixinais ou adaptacións literarias, en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, para longametraxes cinematográficas de ficción ou animación e series de ficción para televisión, de autoría galega, que permitan seguir impulsando un marco de actuación cultural do sector audiovisual baseado en tres premisas substanciais:

– Apoio á creación de contidos audiovisuais de calidade e con vocación de difusión internacional.



– A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e dar rendibilidade social e económica á cultura galega.

– A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e divulgación de produtos audiovisuais galegos.

3. A xestión e a concesión destas axudas realizarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

4. De conformidade co artigo 54 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión Europea, do 17 de xuño de 2014, os réximes de axuda concibidos para apoiar a elaboración de guións, o desenvolvemento, a produción, a distribución e a promoción de obras audiovisuais serán compatibles co mercado interior segundo ao artigo 107, punto 3, do Tratado, e quedarán exentos da obriga de notificación prevista no artigo 108, punto 3, do Tratado, sempre que se cumpran as condicións previstas no propio regulamento, e unha das condicións exixidas é que as axudas se destinarán a un produto cultural, condición imprescindible na presente convocatoria. Estas bases establecen a fórmula de declaración responsable para acreditar o cumprimento dos requisitos para a obtención do certificado cultural que expide o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) de España, así como os criterios que permitirán seleccionar as solicitudes propostas para subvención.

5. Estas axudas son incompatibles con calquera outras liñas de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo proxecto, xa sexa de carácter público ou privado, independentemente da Administración pública ou institución que as promova.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

Poderán acadar a condición de persoas beneficiarias desta convocatoria:

a) As persoas físicas que poidan acreditar a súa vinculación previa coa realización dunha obra audiovisual ou formación académica no ámbito da creación ou produción audiovisual, ou ben a súa participación en cursos ou obradoiros relacionados coa creación audiovisual e desenvolvan a súa actividade habitual maioritariamente en Galicia. Ademais, non pode-



rán figurar como directores/as ou guionistas de series para TV ou asinar a autoría de máis de dúas longametraxes que figuren cualificadas na base de datos do ICAA para a súa estrea comercial.

b) As persoas físicas (autónomas) que se encontren de alta na epígrafe do IAE 864 no momento de presentar a solicitude, desenvolvan a súa actividade habitual maioritariamente en Galicia e que acrediten ter participado como guionista.

Así mesmo, poderán ser persoas beneficiarias desta subvención as agrupacións de dúas persoas físicas sempre que ambas se poidan encadrar na mesma tipoloxía de persoas beneficiarias descritas nos puntos anteriores e non constitúan personalidade xurídica. De ser o caso, deberán asinar un acordo cuxa finalidade será escribir en réxime de coautoría o proxecto de guiión obxecto desta convocatoria. Este acordo deberá detallar, ademais, cal das dúas persoas actuará como representante con poderes para cumprir as obrigas das persoas beneficiarias, especificar os compromisos de execución por cada membro da agrupación e a porcentaxe de autoría sobre o proxecto que se corresponderá coa porcentaxe de subvención que se aplicará por cada unha das partes, segundo se establece no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

2. As persoas solicitantes (físicas) descritas na letra a), e as súas agrupacións, só poderán presentarse á modalidade A de autoría novel descrita no artigo 4.

As persoas solicitantes (autónomas) descritas na letra b), e as súas agrupacións, só poderán presentarse á modalidade B de autoría non novel descrita no artigo 4.

3. A presente convocatoria non será aplicable ás empresas que estean suxeitas unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, así como ás empresas en crise, tal e como establecen os artigos 1 e 2 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

4. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias as persoas en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, as persoas solicitantes declararán non estar incursoas en tales circunstancias, consonte o establecido no anexo II desta convocatoria.

5. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias as comunidades de bens nin calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que non sexan da tipoloxía das relacionadas neste artigo.



Artigo 3. Financiamento, contías máximas e intensidade das axudas

1. O importe global máximo para o financiamento da presente convocatoria será de 270.000 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 10.A1.432B.470.0 e 10.A1.432B.480.0 do orzamento de gasto da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2024, código de proxecto 2023 00003.

2. Esta convocatoria ten carácter anual e o importe total do crédito asignado terá a seguinte distribución:

Axudas á escrita de guión	Aplicación	Importe 2024	Total
Modalidade A	10.A1.432B.470.0	200.000	270.000 €
Modalidade B	10.A1.432B.480.0	70.000	

3. Poderán ampliarse os créditos dedicados a esta convocatoria logo da declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, de acordo coa orde de prelación de solicitudes.

4. No caso de que os créditos fosen ampliados, publicarase esta circunstancia nos mesmos medios que esa convocatoria, sen que esta publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver. Do mesmo xeito, se o crédito destinado a unha categoría non se esgota, poderá realizarse un incremento na outra categoría, a criterio do órgano concedente. Esta alteración da distribución por categorías non precisará dunha nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto, de ser o caso.

5. No caso de existir solicitudes que non acadan o dereito á subvención por terse esgotado o orzamento dispoñible, pasarán a formar unha lista de agarda formada polas entidades solicitantes que poderían ser susceptibles de recibir a axuda se se produce un incremento de crédito, ben por dispoñer de crédito por haber algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta liña de axudas.

6. Este expediente tramítase como anticipado de gasto e no ano 2023 poderase achegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Todos os actos ditados no expediente de gasto regulado por esta resolución entenderase condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento do ano 2024, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento que se produciron aqueles.



7. As contías máximas segundo a modalidade dos proxectos presentados son as seguintes:

Axudas á escrita de guiión	Contía máxima de subvención	Número máximo de solicitudes que se van subvencionar
Modalidade A	7.000 €	10
Modalidade B	10.000 €	20

Artigo 4. *Proxectos subvencionables. Modalidades e requisitos*

1. Os proxectos obxecto desta convocatoria de axudas á escrita de guiión poderán encadrarse nalgunha das dúas modalidades que se describen a continuación, sempre que cumpran os requisitos que se indican:

a) Modalidade A de escrita de guiión a cargo de autor/a novel.

Poderanse presentar proxectos de guiión de longametraxes de ficción ou animación que teñan como destino a exhibición cinematográfica propostos por autores/as que non tivesen asinado como guionistas ou directores/as máis de dúas longametraxes cualificadas na base de datos do ICAA para a súa estrea comercial ou que non figuren como guionistas en series de televisión xa estreadas.

b) Modalidade B de escrita de guiión a cargo de autor/a non novel.

Poderanse presentar proxectos de guiión de longametraxes cinematográficas ou series para televisión propostos por autores/as que xa teñan asinado, cando menos, unha longametraxe cinematográfica cualificada na base de datos do ICAA para a súa estrea comercial ou unha serie para televisión xa estreada.

2. Non se poderán presentar proxectos de secuelas de longametraxes e series. No caso das series, a proposta corresponderase cunha primeira temporada que deberá ter carácter autoconclusivo.

3. Non se poderá presentar máis dun proxecto de guiión por solicitante a ningunha das modalidades, nin de xeito individual nin en asociación con outra persoa.

4. Para os efectos das presentes bases, entenderase por proxecto de escrita de guiión o conxunto dos traballos dirixidos a obter un argumento definitivo apto para acometer a fase de preproducción dunha obra audiovisual que se encadre nalgunha das seguintes tipoloxías:

– Longametraxes cinematográficas de ficción ou animación dun mínimo de 60 minutos de duración.



– Series de ficción para televisión dun mínimo de 100 minutos e un máximo de 450 minutos de duración.

Artigo 5. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle, para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. En relación coa presentación das solicitudes, as persoas beneficiarias ás cales vai dirixida esta convocatoria de subvencións encádranse nun colectivo especialmente cualificado en canto á súa capacidade técnica e dedicación profesional que acredita a posibilidade e dispoñibilidade de acceso aos medios electrónicos e, polo tanto, teñen a obriga de empregalos para a realización de calquera trámite deste procedemento administrativo, tal e como establece o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Artigo 6. *Prazo para a presentación de solicitudes e emenda*

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Se a solicitude non está debidamente cuberta, non se achega a documentación exixida ou non se reunen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



común das administracións públicas, a persoa interesada será requirida para que, no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na lei.

3. Achegaranse as seguintes declaracións responsables que se recollen no anexo II:

3.1. Declaración en que conste que a obra audiovisual terá carácter cultural e poderá obter o certificado cultural por parte do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) ao concorrer, como mínimo, dous dos requisitos que se relacionan:

a) Que teña como versión orixinal calquera das linguas oficiais en España. No caso das coproducións con empresas estranxeiras, a longametraxe poderá ter como versión orixinal algunha das linguas oficiais da Unión Europea.

b) Que o contido estea ambientado principalmente en España.

c) Que o contido teña relación directa coa literatura, a música, a danza, a arquitectura, a pintura, a escultura e, en xeral, coas expresións da creación artística.

d) Que o guión sexa adaptación dunha obra literaria preexistente.

e) Que o contido teña carácter biográfico ou, en xeral, reflicta feitos ou personaxes de carácter histórico, sen prexuízo das adaptacións libres propias dun guión cinematográfico.

f) Que o contido inclúa principalmente relatos, feitos ou personaxes mitolóxicos ou lendarios que poidan considerarse integrados en calquera patrimonio ou tradición cultural do mundo.

g) Que emita un mellor coñecemento da diversidade cultural, social, relixiosa, étnica, filosófica ou antropolóxica.

h) Que o contido estea relacionado con asuntos ou temáticas que forman parte da realidade social, cultural ou política española, ou con incidencia sobre eles.

i) Que no relato cinematográfico, un dos protagonistas ou varios dos personaxes secundarios estean directamente vinculados con esa mesma realidade social, cultural ou política española.



j) Que se dirixa especificamente a un público infantil ou xuvenil e conteña valores acordes cos principios e fins da educación recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou a norma que, de ser o caso, a substitúa, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

3.2. Declaración de que o proxecto é obra orixinal ou que a persoa solicitante é titular dos dereitos suficientes de propiedade da obra preexistente, de ser o caso.

3.3. Declaración de que a persoa solicitante non ten asinada a autoría de máis de dúas longametraxes cinematográficas cualificadas polo ICAA para a súa estrea comercial ou dunha serie para televisión xa estreada, de ser o caso.

3.4. Declaración de que a persoa solicitante ten participado como guionista nunha longametraxe cinematográfica cualificada polo ICAA para a súa estrea comercial ou nunha serie para televisión xa estreada, de ser o caso.

Artigo 7. *Documentación complementaria*

As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, (anexo II) a seguinte documentación:

Documentación xeral:

a) Documentación acreditativa de posuír os dereitos suficientes para o caso daquelas propostas de adaptación dunha obra literaria preexistente.

b) Acordo de agrupación para a coautoría en que se detallen as persoas que forman parte da agrupación, a porcentaxe de coautoría sobre o proxecto e no que conste a persoa que actúa cos poderes necesarios para cumprir as obrigas das persoas beneficiarias, de ser o caso.

c) Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.

Documentación específica:

d) Documentación que acredite a vinculación da persoa solicitante coa realización dunha obra audiovisual anterior (figuración nos créditos oficiais, contrato cunha empresa do ámbito audiovisual), ou formación académica no ámbito da creación ou produción audiovisual, ou ben a participación en cursos ou obradoiros relacionados coa escrita de guión, para a modalidade A de escrita de guión novel.



e) Documentación que acredite ter figurado como guionista ou director/a nunha longametraxe cinematográfica ou como guionista nunha serie de televisión, para a modalidade B, de escrita de guión non novel.

f) Dossier. As persoas solicitantes deberán presentar un único dossier en que non conste ningún tipo de elemento identificativo da autoría da proposta que conteña, seguindo a mesma orde de numeración e nomenclatura, a seguinte documentación:

– Memoria explicativa do proxecto cunha extensión de entre dúas e catro páxinas, que inclúa as intencións do/da autor/a con respecto á obra, os traballos previos de investigación e recompilación de información realizados, a descrición do público obxectivo e as accións previstas para o seu posterior desenvolvemento.

– Sinopse argumental cunha extensión máxima de dúas páxinas.

– Tratamento secuenciado do proxecto de guión, cun mínimo de 10 páxinas e un máximo de 20 páxinas de extensión cando se trate dun proxecto de guión de longametraxe cinematográfica. Cando o proxecto sexa para unha serie de televisión, o tratamento secuenciado deberá ter entre 10 e 20 páxinas, corresponderase co primeiro capítulo da obra e deberase acompañar dun mapa de tramas.

Se o dossier con esta documentación específica contén algún elemento que permita a identificación da autoría ou da persoa solicitante, a solicitude e o expediente será declarado non admitido polo órgano instrutor.

Os documentos presentados en branco non se considerarán defectos emendables, senón que continuarán coa súa tramitación para efectos da instrución do expediente.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderase solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.



3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta.

- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual, de ser o caso.
- Certificado de estar ao día das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.



– Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

– Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

– Consulta de concesión de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Notificacións de resolucións e actos administrativos*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



4. As notificación entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 12. *Instrución do procedemento*

1. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1º. Examinar as solicitudes e documentación presentadas.

2º. Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.



3º. Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

2. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir datos e información complementaria ou aclaratoria necesaria ás persoas interesadas, a persoas profesionais expertas así como a outros servizos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Dirección da Agadic e as unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levarán a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que deriven destas bases. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución e na de adxudicación da subvención. Para realizar estas funcións, poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Dirección da Agadic para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e na restante normativa vixente que resulte de aplicación.

Artigo 13. *Comisión de Valoración*

1. Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha Comisión de Valoración nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic, que serán os/as encargado/as de valorar as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios fixados nas presentes bases.

2. A condición de persoa membro da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. As persoas que formen parte da comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos integrantes das agrupacións de dúas persoas solicitantes na correspondente convocatoria e absteranse se se dan algunha das circunstancias do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. A Comisión de Valoración terá a consideración de órgano colexiado e estará constituída polos seguintes vogais: tres persoas expertas no ámbito do audiovisual, das que unha exercerá a Presidencia e unha persoa do cadro de persoal da Agadic.

A Secretaría será desempeñada por unha persoa do cadro de persoal da Agadic, que non terá dereito a voto.



4. A Comisión de Valoración recibirá a documentación das solicitudes que, cumprindo todos os requisitos das bases da convocatoria, son susceptibles de recibir a axuda para a súa avaliación sen identificar á persoa solicitante.

5. A Comisión de Valoración, previamente á cualificación das propostas presentadas, levantará acta concretando os criterios artísticos definidos nestas bases para aplicalos de xeito uniforme entre as solicitudes. Tras a súa avaliación, deixarán constancia documental nun informe motivado onde se relacionarán os proxectos examinados por orde de prelación, coa puntuación de cada un dos criterios e para cada unha das solicitudes, sinalando os proxectos que obteñan maior puntuación.

6. A Comisión de Valoración revisará a documentación exixida no artigo 20.3.b) que a persoa beneficiaria está obrigada a presentar como parte da xustificación do cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos na resolución de concesión, e emitirá o seu informe de forma individualizada no que fará constar se o material entregado corresponde ou non coa proposta subvencionada. Este informe motivado será elevado ao órgano instructor e formará parte do expediente de xustificación da axuda.

Artigo 14. *Criterios de valoración*

1. Os criterios de avaliación establécense segundo se especifica a seguir:

Proxectos de escrita de guión	Máximo 30 puntos
a) Interese e orixinalidade da proposta: creatividade do argumento, universalidade da temática, aspectos singulares con respecto a obras xa existentes, potencial contribución á diversidade cinematográfica.	Ata 10 puntos, atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
b) Calidade: calidade da proposta, valor artístico do tratamento, traballos previos de investigación e recompilación de información realizados, intencións en canto a traballos de desenvolvemento, indicación do público obxectivo para o contido proposto.	Ata 10 puntos, atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
c) Idoneidade: idoneidade da proposta para a súa translación á linguaxe audiovisual e para a produción dunha longametraxe cinematográfica ou dunha serie de televisión.	Ata 4 puntos, atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
c) Contribución cultural definida a través dos seguintes parámetros: que contribúa ao enriquecemento da cultura audiovisual galega, que poña en valor o talento creativo e artístico galego, que sexa unha adaptación dunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega, que aborde temas actuais culturais, sociais ou políticos relacionados con Galicia, que a acción se desenvolva en Galicia, que utilice referencias ao patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego.	6 puntos se o proxecto cumpre dous dos parámetros que se detallan

2. A puntuación mínima que ten que acadar un proxecto para ter a consideración de proxecto subvencionable é de 18 puntos.



Artigo 15. Audiencia

1. Efectuada a valoración, a comisión realizará un informe en que se concretará o seu resultado, á vista do cal o órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada e que lles deberá ser notificada ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non obstante, poderase prescindir do trámite a que se refire o parágrafo anterior cando non figure no procedemento ou non se vaian ter en conta na resolución outros feitos ou probas aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución terá carácter definitivo.

Artigo 16. Resolución da convocatoria

1. Transcorrido o prazo das alegacións, se é o caso, o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida e do informe da Comisión Avaliadora, ditará a proposta de resolución definitiva que elevará á Presidencia do Consello Reitor, e indicará o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico correspondente a cada unha delas.

2. O importe económico determinarase en función da dispoñibilidade orzamentaria, do importe solicitado e da puntuación derivada da aplicación dos criterios de valoración. Esta proposta de resolución definitiva será elevada á Presidencia do Consello Reitor da Agadic.

3. A Presidencia do Consello Reitor da Agadic deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

A citada resolución deberase ditar e notificar no prazo máximo de cinco meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria pública, será motivada e fará mención expresa das persoas beneficiarias, da contía da axuda e súa distribución por anualidades e dunha desestimación xeneralizada do resto dos proxectos.

3. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que as persoas interesadas poidan entender desestimada a a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 17. Aceptación e renuncia subvención

1. Unha vez notificada a resolución, as persoas beneficiarias comunicarán á Agadic a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, con-



tados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se publicará na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 de dita norma.

Artigo 18. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da subvención teñen que cumprir as obrigas seguintes:

- a) Levar a cabo a actividade subvencionada de acordo co proxecto presentado.
- b) Notificar á Agadic as axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente.
- c) Facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións
- d) Proporcionar en todo momento a información que sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Agadic, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou do Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.
- e) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto da subvención, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, comprométendose a facer mención expresa da colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia e do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, no seu desenvolvemento e realización. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro da axuda a imaxe corporativa da Axencia Galega das Industrias



Culturais da Xunta de Galicia e do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

f) Participar polo menos nalgunha actividade lectiva, promocional ou informativa de cara a promover a evolución da obra, proposta pola Axencia Galega das Industrias Culturais, de ser o caso.

g) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.

Artigo 19. *Modificación da resolución de concesión*

1. As actuacións subvencionadas deben executarse no tempo e forma que se determinen nas resolucións de concesión, debendo obter a previa autorización da Axencia Galega das Industrias Culturais para realizar cambios no proxecto.

2. Cando xurdan circunstancias concretas que alteren as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión polo órgano concedente.

3. Tamén poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia da persoa beneficiaria se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que a modificación sexa autorizada expresamente polo órgano concedente.

b) Que a modificación non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, os seus aspectos fundamentais ou que tivesen sido determinantes para a concesión da axuda, a determinación da persoa beneficiaria, nin danen dereitos de terceiros.

c) Que as modificacións obedezan a causas sobrevidas que non puideron preverse no momento da solicitude. Os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non poderían supor a denegación da subvención, nin poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

4. A solicitude de modificación debe ser formulada polo representante legal da persoa beneficiaria, expresando os motivos dos cambios que se propoñen e xustificando a imposibilidade de cumprir as condicións expostas na resolución de concesión.



Salvo naqueles supostos en que proceda a aplicación do establecido no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se admitirán cambios con data anterior á entrada en rexistro da solicitude de modificación.

5. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia á persoa interesada. A autorización da modificación deberá realizarse de forma expresa, notificándose á persoa interesada.

Artigo 20. *Xustificación da subvención*

1. A persoa beneficiaria está obrigada a presentar a xustificación do cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos na resolución de concesión e nestas bases.

2. O prazo máximo para xustificar esta subvención é o 10 de outubro de 2024.

3. Con carácter xeral, as persoas beneficiarias deberán presentar, dentro do prazo establecido para a xustificación da subvención, a documentación que acredite a realización do proxecto obxecto de subvención, que conterá:

a) Un informe de non máis de dúas páxinas que conteña as accións inmediatas que ten previsto acometer a persoa beneficiaria de cara ao posterior desenvolvemento do guión.

b) Un arquivo .pdf co guión definitivo no caso dos proxectos de escrita de guión de longametraxe cinematográfica de ficción ou animación; un arquivo .pdf cos dous primeiros capítulos e a biblia da obra no caso dos proxectos de escrita de guión de series de televisión.

c) Un certificado do Rexistro da Propiedade Intelectual en que conste a autoría do guión depositado.

d) Anexo III. Declaración de axudas.

Artigo 21. *Pagamento da subvención*

1. Para ter dereito ao pagamento da axuda deberá presentarse electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, a documentación xustificativa da subvención, ademais dos anexos establecidos para o efecto.



2. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando se acredítase que a actividade foi executada de acordo co proxecto presentado e se xustifique correctamente o seu emprego e o cumprimento das obrigas establecidas na presente resolución, para iso o órgano concedente emitirá certificado acreditativo da verificación realizada, en que se detallarán expresamente os principais requisitos exixidos nas bases reguladoras e o alcance das comprobacións realizadas.

Todo isto, sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados, para o que se observará o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. Pagamentos anticipados.

As persoas beneficiarias, unha vez ditada a resolución de concesión da subvención, poderán solicitar un anticipo de ata o 80 % da subvención concedida, en virtude do disposto no artigo 63 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobada polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, cuxa aceptación ou denegación polo órgano competente deberá ser motivada.

Artigo 22. *Perda do dereito ao cobramento da subvención*

1. É causa de perda do dereito ao cobramento da subvención o incumprimento da persoa beneficiaria da súa obriga de estar ao día das súas obrigas coa Facenda estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.

2. Así mesmo, son causas de perda do dereito ao cobramento da subvención as previstas como causas de reintegro se non se tivese abonado a axuda.

3. O procedemento para declarar a perda do dereito ao cobramento da subvención é o establecido para o reintegro.

Artigo 23. *Causas de reintegro*

1. A persoa beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como cos compromisos asumidos durante o tempo de duración da axuda. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.



2. Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención e os xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no Decreto 11/2009.

3. Son causas de reintegro as seguintes:

a) O falseamento, inexactitude ou omisión dos datos fornecidos pola persoa beneficiaria que servisen de base para a concesión da axuda, ou a ocultación daqueles datos que a impedisen.

b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, tarefas, compromisos ou condicións do proxecto inicial ou da finalidade para a que a axuda foi concedida.

c) O incumprimento da obriga de xustificación, xustificación insuficiente, xustificación fóra do prazo establecido, falsidade, terxiversación ou ocultación nos datos ou documentos que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables, ou outras obrigas impostas na resolución de concesión da axuda.

d) O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 30 desta resolución.

e) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Calquera das demais causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007.

Artigo 24. *Gradación dos incumprimentos*

1. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do proxecto ou da obriga de xustificación será causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

2. A non execución do proxecto dará lugar ao reintegro da subvención.



Artigo 25. Procedemento de reintegro

1. Se, aboada parte ou a totalidade da axuda, acaecesen os motivos que se indican no artigo 23.3 desta resolución, incoarase o correspondente expediente de reintegro, o cal se tramitará conforme o previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007.

2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, e a existencia do xuro de demora correspondente desde o momento de pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

3. O procedemento de reintegro de subvencións iniciarase de oficio por acordo do órgano concedente destas, e comunicarse á persoa beneficiaria a iniciación do procedemento de declaración de perda do dereito, ou de reintegro, e as causas que o fundamentan, seguindo o procedemento establecido para o reintegro nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, e 77 e seguintes do Decreto 11/2009.

4. A resolución do procedemento de reintegro poñerá fin á vía administrativa. Contra esta resolución de reintegro, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se o acto non for expreso, a persoa solicitante e outras posibles persoas interesadas poderán interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co previsto nesta resolución, se produzan os efectos do silencio administrativo. Todo isto segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

5. Sen prexuízo do anterior, ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, e no título VI do Decreto 11/2009.

Artigo 26. Control

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo das subvencións.

2. A Axencia Galega das Industrias Culturais, polos medios que considere, poderá realizar en calquera momento ás persoas beneficiarias as visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actuacións financiadas, así como para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade de procedencia dos fondos. Se se constata unha incorrecta utilización dos fondos ou desvío dos obxectivos, propoñerase o reintegro da subvención concedida.



3. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 27. *Medidas antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do sistema interno de información da Agadic ou do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral de la Administración do Estado, por medios electrónicos a través das canles habilitadas para o efecto:

<https://industriasculturais.xunta.gal/es/transparencia> (no formulario que se desexe utilizar, anónimo ou con identificación, seleccionárase a epígrafe «Canles específicas» e, dentro dela, elixírase a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente.

Artigo 28. *Normativa aplicable*

1. A normativa aplicable a estas subvencións axustárase ao disposto na presente resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a escrita de guións audiovisuais, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT404G); na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e, supletoriamente, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de



datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e no Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, que a desenvolve, modificado polo Real decreto 1090/2020, do 9 de decembro, e demais normativa de xeral aplicación.

Artigo 29. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 30. *Recursos administrativos*

A convocatoria destas axudas, as súas bases, as resolucións de concesión e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados interpoñendo os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase o director da Axencia Galega das Industrias Culturais para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.




**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS Á ESCRITA DE GUIÓNS AUDIOVISUAIS	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT404G	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA		LUGAR					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia- Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal :	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	
NOME DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN	
<input type="text"/>	
SUBVENCIÓN SOLICITADA	
<input type="text"/>	

MODALIDADES DE SUBVENCIÓN	
<input type="checkbox"/> Modalidade A. Autoría novel <input type="checkbox"/> Modalidade B. Autoría non novel	

CVE-DOG: yxvdsxl0-11z7-bzh8-v2i2-thxme5nxfup9




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**
**ANEXO II
(continuación)**
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

 2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7. Que a obra terá carácter cultural e poderá obter o certificado cultural por parte do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) ao concorrer como mínimo dous dos requisitos que se relacionan:

(Sinalar polo menos dúas)

- a) Que teña como versión orixinal calquera das linguas oficiais en España. No caso das coproducións con empresas estranxeiras, a longametraxe poderá ter como versión orixinal algunha das linguas oficiais da unión europea.
- b) Que o contido estea ambientado principalmente en España.
- c) Que o contido teña relación directa coa literatura, a música, a danza, a arquitectura, a pintura, a escultura e, en xeral, coas expresións da creación artística.
- d) Que o guión sexa adaptación dunha obra literaria preexistente.
- e) Que o contido teña carácter biográfico ou, en xeral, reflecta feitos ou personaxes de carácter histórico, sen prexuízo das adaptacións libres propias dun guión cinematográfico.
- f) Que o contido inclúa principalmente relatos, feitos ou personaxes mitolóxicos ou lendarios que poidan considerarse integrados en calquera patrimonio ou tradición cultural do mundo.
- g) Que emita un mellor coñecemento da diversidade cultural, social, relixiosa, étnica, filosófica ou antropolóxica.
- h) Que o contido estea relacionado con asuntos ou temáticas que forman parte da realidade social, cultural ou política española, ou con incidencia sobre eles.
- i) Que no relato cinematográfico, un dos protagonistas ou varios dos personaxes secundarios estean directamente vinculados con esa mesma realidade social, cultural ou política española.
- j) Que se dirixa especificamente a un público infantil ou xuvenil e conteña valores acordes cos principios e fins da educación recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou a norma que, se é o caso, a substitúa, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**
**ANEXO II
(continuación)**
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)
(Sinalar no recadro)

8. Declaración que o proxecto é obra orixinal ou que a persoa solicitante é titular dos dereitos suficientes de propiedade da obra preexistente, de ser o caso.
9. Declaración que a persoa solicitante non ten asignada a autoría de máis de dúas longametraxes cualificadas polo ICAA para a súa estrea comercial ou dunha serie de televisión estreada, de ser o caso.
10. Declaración que a persoa solicitante ten participado como guionista nunha longametraxe cinematográfica cualificada ICAA para a súa estrea comercial ou nunha serie para televisión xa estreada, de ser o caso.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
Documentación general

- Documentación acreditativa de posuír os dereitos suficientes para o caso daquelas propostas de adaptación dunha obra literaria preexistente.
- Acordo de agrupación para a coautoría en que se detallen as persoas que forman parte da agrupación, a porcentaxe de coautoría sobre o proxecto e en que conste a persoa que actúa cos poderes necesarios para cumprir as obrigas dos/das beneficiarios/as, de ser o caso.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.			

Documentación complementaria

- Documentación que acredite a vinculación da persoa solicitante coa realización dunha obra audiovisual anterior (figuración nos créditos oficiais, contrato cunha empresa do ámbito audiovisual), ou formación académica no ámbito da creación ou produción audiovisual, ou ben a participación en cursos ou obradoiros relacionados coa escrita de guión, para a modalidade A de escrita de guión non novel.
- Documentación que acredite ter figurado como guionista ou director/a nunha longametraxe cinematográfica ou como guionista nunha serie de televisión (figuración nos créditos oficiais, contrato cunha empresa do ámbito audiovisual), para a modalidade B de escrita de guión novel.
- Dossier. As persoas solicitantes deberán presentar un único dossier en que non conste ningún tipo de elemento identificativo da autoría da proposta que conteña, seguindo a mesma orde de numeración e nomenclatura, a seguinte documentación:
 - Memoria explicativa do proxecto cunha extensión de entre dúas e catro páxinas, que inclúa as intencións do/da autor/a con respecto á obra, os traballos previos de investigación e recopilación de información realizados, a descrición do público obxectivo e as accións previstas para o seu posterior desenvolvemento.
 - Sinopse argumental cunha extensión máxima de dúas páxinas.
 - Tratamento secuenciado do proxecto de guión, cun mínimo de 10 páxinas e un máximo de 20 páxinas de extensión cando se trate dun proxecto de guión de longametraxe cinematográfica. Cando o proxecto sexa para unha serie de televisión, o tratamento secuenciado deberá ter entre 10 e 20 páxinas, corresponderase co primeiro capítulo da obra e deberase acompañar dun mapa de tramas.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA	
DNI/NIE da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>	
DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.	<input type="checkbox"/>	
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas.	<input type="checkbox"/>	
Consulta de concesións de subvencións e axudas.	<input type="checkbox"/>	
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
NIF da entidade solicitante.	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda no exercicio actual, de ser o caso.	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**
**ANEXO II
(continuación)**
INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega das Industrias Culturais.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo com ún, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a escrita de guións audiovisuais e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT404G).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Axencia Galega das Industrias Culturais




 CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO III
**DECLARACIÓN DE AXUDAS
CT404G SUBVENCIÓNS Á ESCRITA DE GUIÓNS AUDIOVISUAIS**
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

 2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

